

COMUNICADO DE APOIO ÁS DELEGADAS DA CIG-ENSINO DO COMITÉ DE EMPRESA DA ASOCIACIÓN AMICOS

1.- As e os delegados/as do sector da atención á diversidade funcional queremos amosar a nosa total solidariedade e apoio ás compañeiras da CIG-ENSINO no comité de empresa da Asociación AMICOS quen veñen sufrindo ataques constantes e unha represión sindical desmesurada dende que decidiron organizar e levar a cabo as eleccións sindicais nese centro.

2.- Mediante este comunicado queremos amosar o noso apoio ante a campaña de calumnias, difamacións e mentiras que está empregando a dirección da entidade presionando agora a traballadores/as para que remitan escritos ditados pola empresa contra as delegadas da CIG, nomeadamente contra a nosa compañeira Sandra Sevilla. Lamentablemente, este é un episodio máis dunha longa lista de ataques entre os que están, entre outros, o intento de criminalización e xuízo a unha das nosas compañeiras "por darlle un golpe a unha máquina expendedora" e a quen a empresa mantén apartada do resto de compañeiros/as como claro castigo pola súa impecable actividade sindical dentro desta entidade.

3.- Lamentamos e reprobamos a actitude da dirección de AMICOS co conxunto das traballadoras/es da entidade e solicitámoslle que cese nos despedimentos e no mantemento dun clima laboral nocivo e que está obrigando a dúcias de empregadas/oss a abandonar cada ano este centro de traballo. Unhas actitudes e valores totalmente contrarios aos que debera ter quen traballa con persoas con diversidade funcional, onde, máis ca nunca, o respecto, compromiso e benestar do equipo humano que conforma este tipo de entidades debera estar sempre por riba e como prioridade.

Esta campaña do medo é, unha vez máis, a consecuencia de enfrontarse á dirección de AMICOS na procura dunhas condicións laborais dignas para o conxunto do persoal. Defender os dereitos das traballadoras e velar polo cumprimento do convenio non é delito. Por iso, as delegadas da CIG-ENSINO en AMICOS teñen e terán sempre o noso apoio, comprensión e solidariedade. Estamos con vós.

SALLA CHAO
CAPA SOUTO DE LEIXA

NOREA GRENW
FUNDACIÓN URE

DULCE GARCÍA Teresa Domingos
SOUTO DE AGASFERA
LEIXA
Dulce García

Susanne
AGASFERA

Asociación San Blas

Asociación AMICOS

Amén - CIG

REINCHO VABA SENOIN

IRA CORZO COROJA
3463 777 C
ASPANAS

CENTRO SAN
PABLO MONTEIRO DO
Cesga.

ASPANAS
(Ourense)

ACEESCA

EVD

MARIA J. QUEIROGA CALO
A CREBA

CRISTINA GARCÍA
ASPOVAGA

AUANTE

Asociación
VONTADE

San Xerome

Asociación
S. XEROME

ASPACE CORUNA

CENTRO JUAN MARÍA

HC SAN RAFAEL

SORTO NÓ DÓZ

Fátima P.O
ASTRONAVE